




CONCELLO DE BOIRO

Secretaria 1/4

CORPORACIÓN MUNICIPAL 2015/2019
Casa do Concello



NOTIFICACIÓN

Asunto: convocatoria á sesión ordinaria do PLENO DO CONCELLO

Notifícaselle a Resolución da Alcaldía do 22/07/2016 que di:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

LOGO DE VER a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 2 a) do Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional), do 19/07/2016.

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión ORDINARIA do Pleno do Concello para o

Día: 28/07/2016
Hora: 20:00 h. a 1.ª convocatoria e ás 20:00 h. a 2.ª, dous días despois
Lugar: salón de plenos da Casa do Concello.
Orde do día:

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

- 1 Aprobación da acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 12/05/2016, Acta 2016/03
- 2 Aprobación da acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 30/05/2016, Acta 2016/04
- 3 Aprobación da rectificación do inventario municipal de bens do Concello de Boiro
- 4 Moción de Iniciativa Cidadá de Boiro sobre a apertura do aparcadoiro da Negral e a urbanización entre a Avda. da Constitución e Río Breiro e a estrada a Abanqueiro, Avda. de Barraña e o paseo fluvial ao longo do río (RE 10861 do 04/11/2015)



- 5 *Moción de IC Boiro sobre edificios en ruína (RE 12017 do 11/12/2015)*
 - 6 *Moción de IC Boiro sobre transparencia administrativa (RE 2575 do 25/02/2015)*
 - 7 *Moción de IC Boiro para que non se cobre con recargo os impagos do IBI do mes de marzo de 2016 (RE 3173 do 05/03/2016)*
 - 8 *Moción do BNG sobre o fomento da normalización do uso do galego (RE 3789 do 17/03/2016)*
 - 9 *Moción do BNG sobre a habilitación dun espazo para o Club de Remo Cabo de Cruz (RE 4141 do 30/03/2016)*
 - 10 *Moción do IC Boiro sobre actuacións para mellorar o aparcamento no Concello de Boiro (RE 4259 do 01/04/2016)*
 - 11 *Moción do BNG sobre a regularización catastral (RE 4549 do 11/04/2016)*
 - 12 *Moción de IC Boiro sobre a redución do complemento de destino do posto de traballo reservado a funcionario con habilitación de carácter nacional de Tesourería (RE 4847 do 19/04/2016)*
 - 13 *Moción de Boiro Novo sobre a regularización catastral (RE 4963 do 21/04/2016)*
 - 14 *Moción do PSdeG-PSOE sobre a Lei orgánica para a mellora da calidade educativa (RE 25244 do 28/04/2016)*
 - 15 *Moción de Ciudadanos sobre a adhesión do Concello de Boiro á iniciativa "Meta: 2017, ano da accesibilidade universal" (Re 5519 do 06/05/2016)*
 - 16 *Moción de Boiro Novo – Son sobre a adhesión do Concello de Boiro á rede galega Apego, de promoción da lingua galega entre as crianzas de 0 a 6 anos (RE 5673 do 11/05/2016)*
 - 17 *Moción do BNG sobre vivendas valeiras (RE 5859 do 16/05/2016)*
 - 18 *Moción do BNG sobre o transporte metropolitano en Galicia (RE 5862 do 16/05/2016)*
 - 19 *Moción do PSdeG-PSOE sobre a reparación da cuberta do polideportivo da Cachada (RE 8171 do 01/07/2016)*
 - 20 *Moción de Boiro Novo – Son sobre o impulso de medidas para evitar o sacrificio de animais abandonados (RE 8224 do 04/07/2016)*
 - 21 *Moción de Boiro Novo – Son sobre a elaboración dun plan de mobilidade local para a construción de novos tramos de carril bici e o arranxo de instalacións deportivas municipais – pavillón e campo de fútbol de Barraña – (RE 8225 do 04/07/2016)*
- Moción de Boiro Novo – Son sobre a mellora da seguridade vial na estrada da DP 1106 Boiro – Cespón (RE 8234 do 04/07/2016)*





II PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

- 23 Toma de coñecemento das Resolúcións da Alcaldía núms. 205 bis a 454
- 24 Toma de coñecemento da liquidación do Orzamento municipal para o ano 2013
- 25 Mocións de urxencia
- 26 Rogos e preguntas

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da Corporación, poñendo a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

TERCEIRO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

Boiro, 22 de xullo de 2016.

O alcalde,

Juan José Dieste Ortigueira

o secretario,

Dalmiro Núñez Méndez'.

RECURSOS

Este acordo constitúe un acto de trámite polo que pode formular cantas alegacións estime oportunas para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento (artigo 107 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común).

Igualmente, se estima que o dito acto decide directa ou indirectamente o asunto de fondo, determina a imposibilidade de continuar o procedemento, produce indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, pode interpoñer, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, un recurso potestativo de reposición, que terá que fundamentar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da dita Lei 30/1992.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estime oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

Boiro, 22 de xullo de 2016

O secretario Dalmiro Núñez Méndez

